

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 23 DE ABRIL DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e tres de abril de dous mil dezaoitto ; as nove horas e trinta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Javier Iglesias Sendín, Don Ricardo González Amaro, Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 17 de abril de dous mil dezaoitto (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non hai.

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

-Escrito de Amando Martínez Deaño, en representación de AOPIL SL, solicitando a devolución do aval da obra de “ Mellora de camiños municipais de acceso ás explotacións agrarias” con número de rexistro de entrada no concello 1690 de 16 de abril de 2018.

Visto o informe favorable emitido pola arquitecta municipal de data 19 de abril de 2018.

A xunta de goberno acorda:

-Devolver a empresa AOPIL SL o aval depositado para responder da execución das obras de “ Mellora de camiños municipais de acceso ás explotacións agrarias” por importe de 2.090,75 euros depositado en aval bancario de Abanca.

**INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

Solicitud de información urbanística interesada por dona Julia Barreiro Raña , sobre terreo con referencia catastral 32070A012007870000YJ, número de expediente

**RIB/C/25/18**, 791/2018. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 18.04.2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para terreo con referencia catastral 32070A012007870000YJ, de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

-Comunicación de Resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil de incoación de expediente sancionador incoado contra José Manuel Míguez Domínguez por obras sin autorización administrativa do organismo de conca, consistentes na execución dunha rampa de acceso a unha parcela, na zona de policía da marxe dereita do río Avia en O Pontillón..

-Comunicación da Axencia de Turismo de Galicia de inscrición no REAT de vivendas de uso turístico de vivenda na Rúa Eduardo Chao Fernández, 7 –3º.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **Contrato menor de subministro de vehículo para a Brigada de Obras Municipal.**

Sendo necesario para o correcto desenrolo da labor da Brigada de Obras Municipal un vehículo.

Visto o artigo 16 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público” son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro,ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

Visto o artigo 118.1 da Lei 9/2017 que considera contratos menores de subministro os de valor estimado inferior a 15.000 euros,

Vistos os artigos 36.1 e 37.2 da Lei 9/2017 que prescriben que os contratos menores non precisan de formalización para a súa perfección.

Visto o artigo 131.3 da Lei 9/2017 que indica que os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

Considerando que na presente anualidade orzamentaria non se ten suscrito contratos menores da mesma tipoloxía que o que pretende adxudicarse co contratista proposto.

Contratar con Talleres Estación Ribadavia SL a adquisición dun vehículo Renault Kangoo por un importe total de 7.800 euros.

Aprobar o gasto por importe de 7.800 euros con cargo á partida orzamentaria 172.62400.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

### **Solicitude Plan Concertado.**

A xunta de goberno local acorda:

- Solicitar a Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento.

Que o importe total do financiamento solicitado segundo se reflicte no resumo xeral do Anexo V é de 308.365,05 €co seguinte detalle:

- Persoal 63.917,00 €
- Mantemento 0,00 €
- Axuda no fogar :
  - Modalidade de prestación básica do Plan concertado 0,00€
  - Modalidade para persoas valoradas como dependentes 230.998,05 €
- Xestión de programas :13.450,00 €
- Investimento :0,00€

Declarase que os Servizos Sociais comunitarios seguen a prestarse con continuidade.

Adoptase o compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2018 na contía de 198.752,19 € que supón unha porcentaxe de 38,09% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

### **Convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para a organización de eventos físico-deportivos para o ano 2017 .Xustificación da subvención concedida**

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes no que se indica: “ vistos os xustificantes de gasto presentado polas entidades , cumpren co recollido nas bases da convocatoria axuntándose aos gastos subvencionables polo que procede o pagamento .. das cantidades concedidas , según resolución definitiva aprobada pola Xunta de goberno local .

A xunta de goberno acorda que se efectúe o pagamento das cantidades concedidas:

EVENTO SUBVENCIÓN	ENTIDADE
II Torneo Minibalonman Festas Portal 523,2 €	CEBM Ribadavia
II Memorial SUMI 555,9€	Ribeiro FC
II Campus Ribeiro 2017 490,5 €	Ribeiro FC
VI Trofeo Capital do Ribeiro karate 1242,6€	Mizukami Karate
VI Torneo Int Gimnasía Rítmica V. Ribadavia 1177,2€	C Marusia

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as nove horas e corenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO